

**O neno suicida**

Cando o taberneiro rematou de ler aquela nova inqueda -un neno suicidárase pegándose un tiro na sen dereita- falou o vagamundo descoñecido que acababa de xantar moi probemente nun curruncho da tasca mariñeira, e dixo:

-Eu sei a hestoria dise neno.

Pronunciou a palabra neno dun xeito moi particular. Así foi que os catro bebedores de augardente, os cinco de albariño e o taberneiro calaron e escoitaron con xesto inquiridor e atento.

-Eu sei a hestoria dise neno -repiteu o vagamundo-. E, tras dunha solerte e ben medida pausa, escomezou:

-Alá polo mil oitocentos trinta, unha beata que despois morreu de medo veu saír do camposanto frofido e recendente da súa aldea a un vello moi vello en coiro. Aquel vello era un recién nacido. Denantes de saír do ventre da terra nai escolleu il mesmo ise xeito de nacencia. ¡Canto millor ir de vello pra mozo que de mozo pra vello!, pensou sendo espírito puro. A Noso Señor chocoulle a idea. ¿Por que non fague-la proba? Así foi que, co seu consentimento, formouse no seo da terra un esquelete. E despois, con carne de verme, fíxose a carne do home e na carne do home aformigou o calorío do sangue. E como todo estaba listo, a terra-nai pariu. Pariu un vello en coiro.

De como despois o vello topou roupa e mantenza é cousa de moita risa. Chegou ás portas da cidade e como aínda non sabía falar, os ministros, despois de lle botaren unha capa enriba, levárono a diante do xuíz, dicindo como se tivesen sido testigos: Aquí lle traguemos a iste probe vello que perdeu a fala coa tunda que lle deron uns ladróns mal entrañados. Nin roupa lle deixaron.

O xuíz dou ordes e o vello foi levado a un hospital. Cando saíu, xa ben vestido e mantido, diciánlle as monxiñas: Vai feito un bo mozo. Ata parés que perdeu anos.

Daquela xa deprendera a falar algo e fíxose esmoleiro. Así andou moitas terras. Alá en Lourdes estivo dúas veces; da segunda tan amozado que, os que o coñeceran da primeira, coidaron que fora milagre da Virxe.

Cando adequiriu experiencia dabondo pensou que o millor era manter secreta aquela estraña condición que o faguía máis mozo cantos máis anos corresen. Así, nono sabendo ninguén -non sendo un ou dous amigos fieles- podería vivir millor a súa verdadeira vida.

Traballou de vello e fíxose rico pra folgar de mozo. Dos cincuenta aos quince anos a súa vida foi a máis felís que se pode maxinar. Cada día gustaba máis ás mozas e andou enliado con moitas e coas máis bonitas, E ata dis que unha princesiña... Pero diso non estou certo.

Cando chegou a neno escomezou a vida a se lle ensarillar. Dáballe medo a sorpresa con que o vían entrar tan ceibo nas tendas a mercar lambetadas e xoguetes. Algún rateiro de visera calada teno seguido ao longo de moitas rúas tortas. E algunha vez ten comido as súas lambetadas a tremar de anguria, coas bágoas nos ollos e o almbre nos beizos. A derradeira ves que o topei -tiña il oito anos- andaba moi triste. ¡Pesaban, endemais, tanto no seu espírito de neno os recordos da súa vellice!

Logo escomezou a lle escravellar día e noite unha obsesión tremenda. Cando pasaran algúns anos recolleríano en calquera calexa estraviada. Quizais algunha señora rica e sen fillos. Despois... ¡Quen sabe o que pasaría despois! A lactancia, os paseos nun carriño, cunha sonalla de axóuxeres na manciña tenra. E ao remate... ¡Ou! O remate poñía espanto. Cumprir o seu sino de home que vive ao revés e refuxiarse no seo da señora rica -poida que cando ela durmise- pra ir alí devecendo deica se trocar primeiro nunha sambesuga e despois en arumia e logo en pequenísima semente...

O vagamundo ergueuse moi pensabundo, coas maus nos petos, e dou algúns paseíños todo amargurado. Ao cabo dixo:

-Esplicome, si, esplicome que se chimpase un tiro na sen o probe rapaz.

Os catro bebedores de augardente, crían. Os cinco de albariño, sorrían e dubidaban. O taberneiro negaba. Cando todos desortían máis enfervoadamente, o taberneiro ergueuse de súpeto nas puntas dos pés e púxose a mirar todo arredor cos ollos moi abertos. O vagamundo desaparecera sen pagar.